



PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE DE MACEDA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP PLURILINGÜE DE MACEDA

Enderezo: Rúa do Castelo 2, 32700 - Maceda

Ensinanza: Educación Infantil e Primaria

Teléfonos:

988 788 890 (Dirección)

988 788 891 (Xefatura, Secretaría e Sala de Profesorado)

988 788 892 (Orientación)

Correo electrónico: ceip.maceda@edu.xunta.gal

Páxina web: www.edu.xunta.gal/centros/ceipmaceda

Aula virtual: www.edu.xunta.gal/centros/ceipmaceda/aulavirtual

1.2. Contextualizan do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

CEIP Pluringüe de Maceda é un centro dependente da Xunta de Galicia, situado no Concello de Maceda que pertence á provincia de Ourense. Dista 25 quilómetros da capital. Dada a súa situación xeográfica a poboación é basicamente rural e de carácter disperso, sendo a capital do concello (Maceda) o núcleo urbano máis importante. O resto da poboación disemínase en 52 núcleos rurais.

A economía baséase principalmente na agricultura e na gandaría. A industria só ten unha presenza testemuñal. Hai pequenos obradoiros. O nivel socioeconómico da comarca é de tipo medio.

A lingua empregada maioritariamente nas familias é o galego.

Nos últimos cursos o noso centro ven experimentando un cambio significativo, vanse matriculando máis alumnos/as de procedencia centroeuropea, sudamericana, ucraína e contamos tamén con alumnado de etnia xitana.

O CEIP Plurilingüe de Maceda acolle as etapas educativas de Educación Infantil e Primaria, contando este curso 2022/23 con tres unidades de Educación Infantil e seis unidades de Educación Primaria.

A principal misión do colexio é proporcionar ao noso alumnado unha educación integral onde os valores positivos teñan un papel importante na súa rutina diaria. Fomentar o

pensamento crítico, a confianza, o esforzo e o respecto cara a todos os cidadáns son os piares estratéxicos que sustentan as nosas bases.

A visión do CEIP Plurilingüe de Maceda é facer que os estudantes sexan aprendices activos e colaborativos e desenvolver proxectos para resolver proxectos da vida real baseados na aprendizaxe-servizo. Búscase que os estudantes estean preparados para o futuro, sexan competentes dixitalmente e sexan respectuosos co medio ambiente.

Para conseguir a misión que se propón o centro, estanse a producir cambios e introducir modificacións. Neste curso escolar cambiaron integramente os membros do equipo directivo e con el estase definindo un novo Proxecto Educativo de Centro que dea respostas as novas demandas da sociedade e que contribúa a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.

Neste novo marco que está en proceso de definición a competencia dixital do alumnado e, por conseguinte, o Plan Dixital teñen un papel primordial.

A liña de traballo e o plan estratéxico que se está a concibir fundaméntase na idea do progreso, que pasa polo uso do uso das novas tecnoloxías, polo acceso á información e pola reflexión crítica sobre o uso que se fai desta información.

Por tanto, aínda que agora mesmo o centro non conta cun Proxecto Educativo real e actualizado, o Plan Dixital vai ser unha parte importante del e a súa execución vai a contribuír a lograr a misión establecida.

Por outro lado, en relación con outros plans e proxectos do centro dicir que este proxecto está incardinado coas programación xerais e programacións de aula dos distintos niveis educativos, xa que a competencia dixital do alumnado é un obxectivo a acadar ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

O traballo coas novas tecnoloxías implica unha formación do profesorado, de aí que se implante un PFPP con distintas liñas de traballo, unha delas relacionadas coas novas tecnoloxías e a innovación educativa.

Asemade o centro participa en distintas iniciativas internacionais relacionadas coas TIC.

Durante o curso escolar 2021/22 participamos na iniciativa da Comisión Europea, Code Week, que busca fomentar o pensamento computacional e a programación no alumnado. Ademais de rexistrar diversas actividades tamén solicitamos o selo de calidade para o centro.

Este curso participamos no programa Impact-Tech que busca poñer en contacto as empresas cos centros educativos para buscar solucións dixitais conxuntas que favorezan a competencia dixital do alumnado e a adquisición de contidos. Grazas a esta oportunidade o

alumnado tivo a ocasión de testar a aplicación de realidade aumentada Augmented Classroom de forma gratuíta.

Neste curso tamén se solicitou a participación do centro no programa Digicraft pero non foi aprobada por non pertencer á rede Edixgal.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Ca LOMLOE, a competencia dixital convértese nun principio pedagóxico da educación básica. Sin perxuicio do seu tratamento específico, a competencia dixital traballarase en todas as áreas e materias (artigo 19.2 y 24.5, da LOE modificado por la LOMLOE). A modificación estriba en que ya non se fala de traballar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, como principio pedagóxico, senon da "competencia digital".

A competencia dixital no ámbito educativo de Galicia vertébrase a través dos tres marcos europeos elaborados polo Centro Común de Investigación (Joint Research Centre, JRC) da Comisión Europea:

- O marco europeo da competencia dixital docente (**DigCompEdu** as súas siglas en inglés) é a referencia para o desenvolvemento da competencia dixital do profesorado.
- O marco europeo para as organizacións educativas dixitalmente competentes é a referencia para os centros educativos e para a elaboración do plan dixital de centro.
- O marco europeo da competencia dixital para os cidadáns é a referencia para a competencia dixital do alumnado.

Asemade, contamos coa distinta normativa que desenvolve a adquisición da competencia dixita, esta é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Co comenzo do curso escolar 2021/2022 publicase a Resolución do 3 de setembro de 2021 para a elaboración do Plan Dixital de Centro (PD), decidimos formar un grupo de traballo con tres docentes (equipo directivo) e a coordinadora de TIC. Posteriormente, dende ADIX informásemos da creación dun PFPP para a elaboración do PD e se nos adxudica o ADIX O Barco como centro asesor. A coordinadora TIC realiza o PFPP sobre “deseño, elaboración e implementación do PD” e coordina dito PFPP a directora do centro.

No mes de novembro o alumnado de 5º e 6º de Primaria e o profesorado de Primaria e Infantil realizan o test SELFIE. Asemade, no mes de febreiro, o profesorado realiza o Test CDD.

Cos datos de ambos test, a infraestrutura tecnolóxica existente no centro e os datos obtidos do enquérito da fenda dixital do alumnado realizamos a análise DAFO. Partindo do DAFO escollemos ás áreas prioritarias de acción para elaborar o plan de acción. Seleccionamos catro áreas prioritarias de acción e establecemos os obxectivos e as accións a desenvolver. (ver táboas do Plan de Acción).

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP Plurilingüe de Maceda consta de un edificio de dobre andar no que se aloxan as distintas aulas de Infantil e Primaria, as aulas das especialidades, a aula de informática, o comedor/ximnasio, o Departamento de Orientación e a zona de Administración.

O equipamento existente no centro na actualidade é o seguinte:

	Ordenador de sobremesa	Portátil	Proxector	Tableiro Dixital Interactivo	Tableta	Ultraportátiles
4º EI		1	1		2	
5º EI		1	1			
6º EI		1	1			
1º EP		1	1		1	
2º EP		1	1	1	1	
3º EP		1	1		1	
4º EP		1	1		1	
5º EP		1	1	1	1	
6º EP		1	1	1	1	
Música		1	1			
Inglés		1	1		1	
Valores		1	1			
PT 1	1					

PT 2	1					
AL 1	1					
AL 2		1				
Biblioteca	4					
Biblioteca Infantil	1		1			
Aula Informática	14		1			
EducaDixital						10
Departamento de Orientación		1			3	
Administración	3					
Sala profesorado		2				
Comedor		1				

A xestión académica realízase a través de XADE. Para a administración dos servizos do centro (comedor escolar, transporte...) o equipo directivo emprega as ferramentas institucionais da Consellería de Educación.

O centro forma parte tamén do programa de Webs Dinámicas polo que conta con páxina web en Drupal, aula virtual en Moodle e galería de fotos en Coppermine. As tres ferramentas son empregadas con asiduidade polo persoal do centro segundo as necesidades.

A páxina web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmaceda/> é xestionada pola coordinadora TIC e a directora do centro. Ademais existen usuarios con permisos restrinxidos de publicación de contidos.

Emprégase tamén a plataforma en liña de Moodle para crear cursos virtuais con contidos tanto para o profesorado como para o alumnado:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmaceda/aulavirtual/>

Na galería de Coppermine están aloxadas as imaxes das distintas actividades do centro por álbumes e curso escolar.

Para as comunicacións oficiais coas familias emprégase principalmente as ferramentas EspazoAbalar e AbalarMóbil. As titorías ademais dispoñen doutras canles de comunicación para as que contan co permiso das familias.

O soporte, mantemento e actualización dos equipos informáticos corre a cargo da coordinadora TIC do centro, a UAC e a asesoría Abalar (dependente de AMTEGA). Para problemas puntuais que non pode remediar a coordinadora ou a UAC, cóntase cun servizo externo.

O centro dispón de conexión WIFI, con varios puntos de conexión.

O ancho de banda do centro ten unha velocidade de 300 Mb/s de baixada e 160 Mb/s de subida.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

As fontes empregadas para a análise DAFO foron:

- a) Autoavaliación SELFIE
- b) Test CDD

*a) Os resultados acadados na **Autoavaliación SELFIE** foron os seguintes:*

Areas	Grupos	Ensinanza
		PRIMARIA
A -Liderado	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	3,6
	Alumnado	

Areas	Grupos	Ensinanza
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	3
	Alumnado	4,2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,6
	Alumnado	4,3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	4
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,6
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,7
	Profesorado	3
	Alumnado	4,2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,2
	Profesorado	2,6
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	3,2
	Alumnado	4,2

*b) Os resultados acadados no **test CDD** foron os seguintes:*

1.3 Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación

DEFINITIVO	12	15	80%
PROVISIONAL	0	1	0%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	3	4	75%

2.1 Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
93,2	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 93,2 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	95,4	Integrador/a (B1)	66,2	Integrador/a (B1)
PRI.	101,4	Experto/a (B2)	177,3	Integrador/a (B1)

2.3. Atendendo á distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	5	29,4%
B1	3	17,6%
B2	6	35,3%
C1	2	11,8 %
C2	5	29,4%
TOTAL	17	1%00

Dos 17 docentes do seu centro que participaron no testCDD obtemos os seguintes resultados:

5 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 29,4%.

3 teñen un nivel de competencia dixital Integrador/a (B1), é dicir, o 17,6%.

2.3. Análise DAFO

A análise DAFO obtida a partir dos resultados obtivos no Test CDD e do SELFIE. Partindo destes datos, en distintas reunións, analizamos cuantitativamente e cualitativamente ditos datos, empregamos o material facilitado no PFPP de Plan Dixital. Tales reflexións leváronnos ao modelo dos tres porqués que nos facilitou enormemente a elaboración do DAFO no noso centro educativo. As conclusións son as que siguen a continuación:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>O centro conta con espazos para implantar aula dotadas dixitalmente.</p> <p>O centro dispón de robots e outros elementos tecnolóxicos para fomentar o pensamento computacional.</p> <p>Todas as aulas teñen posto do profesor con equipo, proxector e conexión á rede.</p>	<p>Pouca dotación de equipamento para as aulas tanto en pantallas dixitais, tablets e pc(s).</p> <p>Equipos obsoletos con pouca capacidade.</p>
	PERSONAL DOCENTE	<p>O profesorado móstrase cohesionado para traballar en equipo e introducir metodoloxías innovadoras no proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>O profesorado está formado no uso da plataforma Moodle.</p>	<p>O profesorado posee un baixo nivel de formación en competencia dixital e solicita formación especializada.</p> <p>Un alta porcentaxe do profesorado non ten formación suficiente para deseñar e crear contidos dixitais.</p> <p>As ferramentas tecnolóxicas empregadas na aula non fomentan o rol activo e creativo do alumnado.</p> <p>Medo do profesorado ante a tecnoloxía e non ser capaz de levar unha aula con libros dixitais.</p> <p>O profesorado non emprega a tecnoloxía como apoio a avaliación.</p> <p>Pouca liberación horaria da coordinación TIC para apoiar ao profesorado no uso da tecnoloxía.</p>
	PERSONAL NON DOCENTE	Boa comunicación e traballo en equipo.	Pouca participación nas decisións do centro a través do Consello Escolar.
	ALUMNADO	Alumnado motivado e proactivo para o emprego de recursos dixitais no seu proceso de aprendizaxe.	<p>Unha gran parte do alumnado carece de recursos dixitais (tablet,pc,conexión a internet...)</p> <p>Fenda dixital importante no caso do alumnado de minorías étnicas.</p> <p>Rol pasivo do alumnado no uso da tecnoloxías (so consumidor non prosumidor nin creador).</p>
	FAMILIAS	Emprego da aplicación Espazo Abalar.	<p>As familias teñen unha baixa competencia dixital para axudar ao alumnado coas ferramentas dos entornos educativos dixitais.</p> <p>A alfabetización dixital do alumnado non é unha das prioridades das familias.</p> <p>Necesidade de formación para a realización de trámites en liña (alta na Chave 365).</p>

	OFERTA	<p>Participación no programa da Consellería Introducción á Programación Educativa.</p> <p>Participación en Etwinning para fomentar a cooperación con centros europeos a través do uso de ferramentas dixitais.</p> <p>Participación na Semana Europea da Programación a través do rexistro de actividades que fomentan o pensamento computacional.</p>	<p>Non ser centro Edixgal, coarta a posibilidade de participar noutros programas de innovación educativa.</p> <p>Negativa por parte da Administración a participar no programa "Digicraft" por non ser un centro Edixgal.</p>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>Actualmente en proceso de dixitalización da documentación e trámites (contabilidades, entradas e saídas, inventariado).</p> <p>Incremento da participación en programas de innovación educativa, permite o incremento orzamentario para invertir no mellora global do centro. Avance na introducción das TIC no actividade cotiá da aula.</p>	<p>Equipo TIC con escaso persoal.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Charlas e obradoiros dentro do "Plan Director" para uso responsable da tecnoloxía.</p> <p>Programa "Navega con Rumbo" con fin de concienciar ás familias e ao alumnado sobre os perigos da rede.</p> <p>Ferramentas institucionais para avaliación da competencia dixital do profesorado, do centro e da comunidade.</p> <p>Opción de solicitar Plans de Formación do Profesorado en centro sobre Dixitalización.</p>	<p>Baixa inversión económica.</p> <p>Demasiada burocracia.</p> <p>Necesidade de mellora da plataforma e do proceso de realización de trámites a través da Sede Electrónica.</p> <p>Demasiadas ferramentas administrativas, necesidade de unificalas e simplificalas.</p>
	LEXISLACIÓN	<p>O novo currículo permite a inmersión do contido dixital e o pensamento computacional como parte importante no proceso de ensino aprendizaxe do alumnado.</p> <p>A elaboración e o deseño dun Plan Dixital de Centro de carácter institucional.</p>	<p>Lexislación cambiante.</p> <p>Necesidade de actualizar lexislativamente e determinar a composición e o perfil do equipo TIC e as súas funcións.</p>
	CONTORNA	<p>Módulo de Formación Profesional de Informática no IES ao que está adscrito o centro.</p>	<p>Unha alta porcentaxe da poboación xitana ten reticencias á colaboración co centro. Asemade da falta de interese pola</p>

		Colaboración coa Biblioteca Pública do Concello na organización de actividades.	proceso educativo que reciben os seus fillos e fillas.
	ANPA	A ANPA está moi involucrada coa dinamización do centro e a implementación de metodoloxías innovadoras no ensino.	Necesidade da creación dunha escola de nais e pais para concienciar e ensinar sobre a importancia de acadar unha óptima competencia dixital no alumnado.
	OUTRAS ENTIDADES	Contamos coa colaboración das entidades da contorna LIMISI, Cruz Vermella, Servizo de Acollida do Concello de Maceda, CIM do Concello de Maceda...	Pouca comunicación coa Administración local.

3. Plan de Acción

O Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital en cada curso escolar.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez realizado a análise DAFO o grupo de traballo implicado na elaboración do Plan Dixital de centro acordamos determinar ás áreas prioritarias de acción partindo dos resultados do SELFIE. Escolléronse catro áreas prioritarias de acción:

- Área C, infraestrutura de equipos.
- Área D, desenvolver a competencia dixital do profesorado.
- Área E, pedagogía: apoios e recursos.
- Área H, competencia dixital do alumnado.

A continuación, tendo en conta á análise DAFO e as catro áreas de acción prioritarias determínanse os obxectivos tendo en conta a categorización SMART, é dicir, obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a curso escolar 2022/2023.

Os obxectivos a desenvolver perante o curso académico tendo en conta as catro áreas prioritarias de acción serán os seguintes:

- **Obxectivo 1:** Mellorar a competencia dixital do profesorado. (Área D, desenvolver a competencia dixital do profesorado).
- **Obxectivo 2:** Dotar e actualizar ao centro con infraestruturas i equipos tecnolóxicos. (Área C, infraestrutura de equipos).
- **Obxectivo 3:** Promover o uso das TIC do alumnado. (Área H, competencia dixital do alumnado).
- **Obxectivo 4:** Diseñar recursos dixitais para aula. (Área E, pedagogía: apoios e recursos).

Para cada área de mellora cumprimentouse unha táboa que recolle a información relevante aos indicadores para cada obxectivo, o valor de partida e o previsto por data, as accións a desenvolver. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan. (Ver táboa tras o apartado 3.2).

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Despois de facer a análise de situación de centro e reflexionar sobre as nosas necesidades para poder satisfacer os obxectivos marcados no Plan Dixital facemos unha relación do equipamento que consideramos primordial:

Necesidades	Finalidade
11 portátiles	<p>Uso do alumnado.</p> <p>Completar o número de ordenadores na aula de informática para que haxa un por alumno.</p>
9 paneis dixitais interactivos	<p>Uso do alumnado e o profesorado.</p> <p>Instalación nas aulas de Primaria e Educación Infantil que non teñen taboleiro dixital.</p> <p>O obxectivo é que o alumnado se poida beneficiar da súa interactividade co fin de mellorar a súa motivación e interese polo aprendizaxe.</p>
2 ordenadores de sobremesa	<p>Uso do profesorado.</p> <p>O seu destino é suplir aos existentes na sala de profesorado que son moi antigos, teñen pouca capacidade e van moi lentos.</p>
12 tabletas	<p>Uso do alumnado.</p> <p>O obxectivo é que o alumnado poida conectarse a rede e empregar ferramentas de forma ubicua, de tal maneira que se poidan mover polo centro e realizar proxectos facendo uso dos distintos espazos do centro. Por exemplo, gravar unha entrevista ou un videodocumental, facer un collage de fotos...</p>

Táboa do Plan de Acción para cada obxectivo

"Área/s de mellora": D. Desenvolver a competencia dixital do profesorado						
1. OBXECTIVO (1):	Mellorar a competencia dixital para o profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a do PFFP, coordinadora TIC e Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Incremento dun nivel na competencia dixital dacordo co DigCompOrg e o DigCompEdu					
Valor de partida (3)	30 % do profesorado con nivel C1 no test de CDD					
Valor previsto e data (4)	60 % do profesorado con nivel C1 no test de CDD			Ao remate do curso 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Participación no PFFP na liña de dixitalización do centro	Coordinador/a do PFFP.	30/11/2022	Convocatoria. Solicitude ao Centro de Formación e Recursos(CFR). Asesoría por parte CFR.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Participación noutras actividades ofertadas por distintos organismos	Profesorado.	30/03/2023	Convocatoria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Creación dun banco de recursos de autoaprendizaxe dixital na aula virtual	Equipo TIC.	30/05/2023	Aula virtual Materiais audiovisuais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Fomento de grupos colaborativos de apoio entre o profesorado sobre temáticas concretas de dixitalización	Equipo TIC	30/06/2023	Materiais dixitais. Coordinación de equipos i espazos.			

"Área/s de mellora": C. Infraestructura de equipos						
2. OBTXECTIVO (1):	Dotar e actualizar ao centro con infraestructuras i equipos tecnolóxicos.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBTXECTIVO (2)	Incremento dun 20 % do número de equipos e dispositivos dixitais adquiridos.					
Valor de partida (3)	30% de dispositivos dixitais i equipos con hardware e software anteriores a 2015					
Valor previsto e data (4)	50% de dispositivos dixitais i equipos con hardware e software actualizados ou renovados			Ao remate do curso 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Elaboración dun inventario do material tecnolóxico.	Equipo TIC	30/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Actualización de equipos e materiais.	Equipo TIC UAC Técnico informatico	22/12/2022	Software actualizado. Hardware específico.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Solicitud a Consellería do material tecnolóxico a través das distintas canles	Equipo directivo	22/12/2022	Convocatoria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C. Infraestructura de equipos						
A02.4: Participación en proxectos de innovación da Consellería que respercutan economicamente na adquisición de material dixital	Profesorado.	30/03/2023.	Convocatoria.			Realizada
						Aprazada
						Pendente
A02.5: Procura de empresas que cedan material dixital ao Centro	Equipo directivo	30/03/2023	Networking.			Realizada
						Aprazada
						Pendente

"Área/s de mellora": H. Competencia dixital do alumnado						
3. OBXECTIVO (1):	Promover o uso das TIC do alumnado				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Incremento dun 20% da calificación da competencia clave dixital					
Valor de partida (3)	40% do alumnado con calificación de sobresaínte na competencia clave dixital					
Valor previsto e data (4)	60 % do alumnado con sobresaínte na calificación da competencia clave dixital			Ao remate do curso 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Incremento semanal da exposición á tecnoloxía na implementación educativa.	Profesorado.	30/12/2022	Planificación de actividades. Infraestructuras e dispositivos dixitais do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Promoción no alumnado do uso de distintas ferramentas dixitais.	Coordinador TIC. Profesorado.	30/03/2023.	Convocatoria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Fomento de actividades que impliquen o uso de ferramentas tecnolóxicas no fogar coa familia	Titores/as.	30/06/2023	Dispositivos tecnolóxicos (móviles, ordenadores tablets...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.4: Publicación dos recursos nas distintas plataformas do centro	Grupo de traballo.	30/06/2023	Actividades publicadas nas distintas plataformas do centro (páxina web, aula virtual...)			

"Área/s de mellora": E. Pedagogía: apoios e recursos						
4. OBXECTIVO (1):	Deseñar recursos dixitais para aula				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC e o profesorado.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Incremento dun 20% de recursos deseñados e cursos en funcionamento na aula virtual.					
Valor de partida (3)	Uso dun 30 % da aula virtual e da páxina web a xuño de 2022					
Valor previsto e data (4)	40% de incremento de recursos dixitais tanto na aula virtual como na páxina web			Ao remate do curso 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Creación dun grupo de traballo interdisciplinar dentro da liña dixital do PFPF	Coordinadora TIC e coordinador /a do PFPF	22/12/2022	Rede. Dispositivos tecnolóxicos. Software.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Planificación de recursos interdisciplinares para o uso na aula	Grupo de traballo	30/03/2023	Actas das reunións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Fomento de actividades que impliquen o uso de ferramentas tecnolóxicas no fogar coa familia	Titores/as.	30/06/2023	Dispositivos tecnolóxicos (móviles, ordenadores tablets...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN: No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) ESTADO: Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

Para poder alcanzar os resultados propostos no Plan de Dixital de Centro vaise levar a cabo unha avaliación continua que nos permitirá ver se os obxectivos expostos son os axeitados e se as medidas propostas son as correctas para lograr os obxectivos planificados podendo realizar as modificacións oportunas.

Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas. Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se valorarán os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia. Para logralo, teranse en conta:

- A revisión dos obxectivos e actividades expostas.
- A avaliación das actividades propostas: diagnóstico inicial, desenvolvemento e conclusións.
- As reunións de seguimento cos axentes implicados.
- A memoria anual do Plan Dixital de Centro.

O seguimento e avaliación de plan está vinculada ao traballo de tres equipos:

- Equipo TIC
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Equipo Directivo.

O principal responsable é o a directora e o equipo TIC pois segundo as súas funcións correspóndelle "Deseñar, seguir, avaliar e actualizar o Plan TIC do Centro".

O resto dos equipos colaboran segundo o expresado en diferentes apartados deste plan.

O plan será revisado polo equipo TIC, que elaborará un informe para a memoria final e propoñerá os cambios que considere oportunos.

5. Difusión do plan

O CEIP Plurilingüe de Maceda dará a coñecer o seu Plan Dixital a través de distintas canles.

Por un lado, contarase cunha copia na zona de Administración do centro a disposición de calquera interesado/a que forme parte da comunidade educativa ou teña razóns xustificadas para consultalo.

Por outro lado, publicarase na páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmaceda/>

Asemade, mediante o espazo Abalar, notificarase as familias a súa aprobación e darase a coñecer a súa localización para que poida consultarse.